

CONVOCATORIA DE ADMISIÓN Á ORQUESTRA E CORO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (OCUSC)

Curso académico 2026-27 · Versión galego

1. PRESENTACIÓN

A Orquestra e Coro da Universidade de Santiago de Compostela (OCUSC) é un proxecto educativo e musical da Área de Cultura da USC que ofrece á comunidade universitaria e á sociedade un espazo de formación, práctica e interpretación musical colectiva.

No curso académico 2026-27, a OCUSC desenvolverá a súa actividade nos campus de Santiago de Compostela e Lugo, a través de catro agrupacións:

- Orquestra da USC – Campus de Santiago
- Coro da USC – Campus de Santiago
- Orquestra da USC – Campus de Lugo
- Coro da USC – Campus de Lugo

Cada agrupación contará con organización, ensaios e prazas propias, sen prexuízo da realización de programas, encontros e actividades conxuntas que favorezan a cohesión e a identidade común do proxecto OCUSC.

Mediante esta convocatoria establécese o procedemento de admisión para o curso 2026-27, tanto para a cobertura das prazas dispoñibles como para a constitución das correspondentes listas de agarda.

2. QUEN PODE PARTICIPAR?

Poderán participar nesta convocatoria as persoas que teñan 16 anos cumpridos e se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- Membros da comunidade universitaria da USC (estudiantado, PDI ou PTXAS).
- Estudantes de música.
- Persoas alleas á comunidade universitaria interesadas na práctica musical colectiva que cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria.

No caso da Orquestra, será necesario contar cos coñecementos instrumentais suficientes para participar nunha agrupación orquestral.

No caso do Coro, poderán presentarse persoas interesadas na práctica do canto coral procedentes de diferentes ámbitos e formacións musicais: integrantes doutras agrupacións vocais, estudantes de música,

cantantes de diferentes estilos, profesionais da voz ou persoas afeccionadas ao canto que contén coas aptitudes necesarias.

A incorporación como membro activo estará condicionada á realización do correspondente proceso de audición, á adecuación ás necesidades mínimas da práctica musical colectiva e á existencia de prazas na agrupación solicitada.

3. PRAZAS OFERTADAS

3.1. Campus de Santiago – Orquestra

Instrumento	Prazas activas	Reserva / lista de agarda
Violín	15	—
Viola	6	—
Violonchelo	5	—
Contrabaixo	3	—
Frauta	—	2
Óboe	1	2
Clarinete	—	2
Fagote	2	2
Trompa	1	2*
Trompeta	2	2
Trombón	2	2
Trombón baixo	1	—
Tuba	1	—
Percusión	—	2
Piano	1	—
Harpa	1	—

*As dúas prazas de reserva de trompa estarán orientadas preferentemente ás posicións III e IV.

3.2. Campus de Santiago – Coro

Corda vocal	Prazas
-------------	--------

Soprano	8
Contralto	6
Tenor	4
Barítono/Baixo	5

3.3. Campus de Lugo – Orquestra

Instrumento	Prazas
Violín	20
Viola	6
Violonchelo	5
Contrabaixo	3
Frauta	2
Óboe	2
Clarinete	2
Fagote	2
Trompa	2
Trompeta	2
Trombón	2
Trombón baixo	1
Tuba	1
Percusión	2
Piano	1
Harpa	1

3.4. Campus de Lugo – Coro

Corda vocal	Prazas
Soprano	10
Contralto	10

Tenor	8
Barítono/Baixo	8

O número e distribución final das prazas poderá adaptarse ás necesidades artísticas e organizativas das agrupacións e dos programas previstos para o curso.

4. INSCRICIÓN

As persoas interesadas deberán cubrir o formulario oficial de inscrición da USC dentro do prazo establecido.

Prazo de inscrición: ata o 25 de setembro de 2026 ás 23:59 h.

No formulario deberá indicarse a agrupación e o campus para o que se solicita a participación.

A presentación da solicitude implica a aceptación das condicións establecidas nesta convocatoria e, no caso de resultar seleccionada, o compromiso de participación regular nas actividades da agrupación.

Formulario de inscrición: [INSCRICIÓN ORQUESTRA E CORO DA USC 2026-2027 – Completar o formulario](#)

5. PROCESO DE SELECCIÓN DA ORQUESTRA

5.1. Audición telemática

A selección de instrumentistas para as orquestras dos campus de Santiago e Lugo realizarase, con carácter xeral, mediante audición telemática.

As persoas aspirantes deberán presentar dúas gravacións en vídeo, correspondentes a dúas obras ou movementos de libre elección que permitan coñecer adecuadamente o seu nivel técnico e musical.

Os vídeos deberán realizarse sen cortes. No caso dos instrumentos melódicos, non será necesario realízalos con acompañamento de piano.

As gravacións poderán compartirse mediante OneDrive, YouTube, WeTransfer ou outro sistema equivalente, enviando a correspondente ligazón ao enderezo orquestra.universidade@usc.gal.

No correo deberá indicarse claramente o nome e apelidos, instrumento e campus solicitado.

5.2. Prazo para o envío

A data límite para o envío das gravacións será o 25 de setembro de 2026 ás 23:59 h. Para participar no proceso será imprescindible ter cuberto previamente o formulario oficial de inscrición.

5.3. Percusión

No caso das persoas aspirantes ás prazas de percusión, a audición realizarase a partir dunha escolma de pasaxes ou fragmentos instrumentais proposta pola OCUSC.

Partituras para a audición de percusión: [Acceder ás partituras](#)

6. PROCESO DE SELECCIÓN DO CORO

A selección para os coros dos campus de Santiago e Lugo realizarase mediante unha audición presencial.

Data e lugar: martes, 29 de setembro de 2026, ás 18:30 h, na Facultade de Ciencias da Comunicación, Campus de Santiago de Compostela.

A proba está destinada ás persoas inscritas tanto para o Campus de Santiago como para o Campus de Lugo.

Cada persoa aspirante deberá realizar unha breve interpretación vocal de libre elección e participar nun pequeno exercicio de entoación e valoración vocal realizado no momento da audición.

A interpretación poderá realizarse a cappella ou cos recursos de acompañamento que a propia persoa candidata considere necesarios e achegue para a proba.

A finalidade da audición será coñecer as aptitudes musicais e vocais da persoa aspirante, así como o seu rexistro, co obxecto de valorar a súa incorporación e a corda vocal máis adecuada.

7. FINALIDADE E CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS AUDICIÓNS

A OCUSC ten un marcado carácter educativo, formativo e inclusivo. En consecuencia, as audicións teñen como finalidade principal coñecer as características, experiencia e nivel musical das persoas aspirantes, co obxecto de favorecer a súa adecuada integración nas agrupacións e organizar o traballo artístico e formativo ao longo do curso.

As probas non se conciben exclusivamente como un mecanismo de exclusión en función do nivel técnico. Non obstante, a participación nunha agrupación orquestral ou coral require unhas competencias musicais mínimas que permitan desenvolver adecuadamente o traballo colectivo. Así mesmo, cando o número de persoas aspirantes supere o de prazas dispoñibles nun determinado instrumento ou corda vocal, a valoración das audicións permitirá establecer a correspondente selección e lista de agarda.

No caso da Orquestra, teranse en conta, de maneira global e adaptada ás características de cada instrumento:

- Nivel técnico e musical.
- Afinación, ritmo e calidade sonora.
- Dominio dos recursos técnicos básicos propios do instrumento.
- Capacidade para integrarse no traballo dunha agrupación.
- Adecuación ás necesidades instrumentais e artísticas dos programas previstos.

Nos instrumentos de corda observaranse, entre outros aspectos, a afinación, os cambios de posición e o dominio dos principais golpes de arco. Nos instrumentos de vento teranse en conta a afinación, as articulacións básicas e o dominio adecuado da tesitura do instrumento.

No caso do Coro, teranse en conta:

- Afinación e oído musical.
- Capacidade rítmica.

- Características e calidade vocal.
- Rexistro e adecuación ás diferentes cordas.
- Capacidade de resposta aos exercicios propostos.
- Equilibrio e necesidades da agrupación coral.

A valoración realizarase atendendo ao conxunto da proba e ás necesidades de cada agrupación, procurando favorecer, sempre que resulte musical e organizativamente viable, a participación, a formación e a diversidade de perfís e niveis dentro do proxecto.

8. RESOLUCIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN

Unha vez finalizadas as audicións, a comisión seleccionadora valorará as candidaturas e establecerá, segundo corresponda, as persoas admitidas como membros activos, as persoas incluídas en lista de agarda e as persoas non seleccionadas.

Os resultados serán comunicados a través das canles oficiais da OCUSC e/ou da Universidade de Santiago de Compostela. As persoas admitidas recibirán posteriormente a información necesaria para a súa incorporación ás respectivas agrupacións.

9. LISTAS DE AGARDA E CONVOCATORIA PERMANENTE

As persoas que superen o proceso de selección pero non obteñan praza poderán incorporarse á correspondente lista de agarda, atendendo á valoración realizada no proceso selectivo.

As listas de agarda permanecerán activas durante o curso académico e poderán utilizarse para cubrir baixas de membros activos, vacantes sobrevidas ou necesidades instrumentais ou vocais derivadas de programas específicos.

A participación puntual nun programa non implicará necesariamente a adquisición da condición de membro activo da OCUSC.

Finalizada a convocatoria ordinaria, aquelas prazas que permanezan vacantes poderán continuar abertas mediante unha convocatoria permanente, ata a súa cobertura ou mentres existan necesidades artísticas ou organizativas.

10. FUNCIONAMENTO DAS AGRUPACIÓNS

Campus de Santiago – Orquestra

A Orquestra da USC – Campus de Santiago ensaiará, con carácter xeral, os martes lectivos de 21:30 a 23:30 h, na Facultade de Ciencias da Comunicación.

Campus de Santiago – Coro

O Coro da USC – Campus de Santiago ensaiará, con carácter xeral, os martes e xoves de 19:45 a 21:15 h, na Facultade de Ciencias da Comunicación.

Campus de Lugo

Os días, horarios e espazos habituais de ensaio da Orquestra e do Coro do Campus de Lugo serán comunicados antes do inicio da actividade.

En todas as agrupacións poderán programarse ensaios extraordinarios, seccionais, encontros intensivos, concertos e outras actividades en función das necesidades de cada programa.

Durante os períodos oficiais de exames establecidos no calendario académico da USC non se realizarán ensaios ordinarios.

11. PROGRAMAS E ACTIVIDADES CONXUNTAS

As agrupacións dos campus de Santiago e Lugo desenvolverán unha actividade propia ao longo do curso, combinada coa realización de proxectos e actividades conxuntas.

A programación poderá incluír programas de Outono, Inverno, Primavera e Verán, así como concertos, encontros intensivos, actividades de música de cámara e outros proxectos promovidos pola OCUSC.

Poderán organizarse encontros entre as agrupacións dos dous campus e un Encontro de Verán, no que os participantes seleccionados poderán integrarse nunha formación conxunta.

A programación concreta e o calendario serán comunicados coa suficiente antelación.

12. COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN E ASISTENCIA

A incorporación á OCUSC implica un compromiso de participación activa e continuada.

- Asistir con puntualidade aos ensaios e actividades para as que sexan convocadas.
- Preparar individualmente o repertorio asignado.
- Participar nos concertos e encontros correspondentes.
- Comunicar coa suficiente antelación calquera circunstancia que impida a asistencia.
- Respetar as normas de funcionamento e convivencia da OCUSC.

A asistencia aos concertos e actividades públicas para as que cada membro sexa convocado forma parte do compromiso adquirido coa agrupación.

Con carácter xeral, será necesario asistir como mínimo ao 85 % dos ensaios para cumprir os requisitos de participación establecidos pola OCUSC.

13. PERMANENCIA NA OCUSC

A permanencia como membro activo da OCUSC terá unha duración máxima de tres cursos académicos por campus.

Unha vez alcanzado este período, a praza deberá volver ser ofertada na convocatoria ordinaria.

As persoas que cumpran os tres cursos e desexen continuar poderán solicitar novamente a súa participación, pero non disporán de continuidade automática. Poderán reincorporarse unha vez resolto o proceso ordinario de selección se permanecen prazas dispoñibles no seu instrumento ou corda vocal.

A participación nun campus é independente da participación no outro aos efectos de permanencia e selección.

14. RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS ECTS

O alumnado da Universidade de Santiago de Compostela que participe como membro activo poderá optar ao recoñecemento de 4 créditos ECTS por cada curso académico, ata un máximo de tres cursos de participación, de acordo coas condicións aplicables.

Para a obtención dos créditos será necesario asistir, como mínimo, ao 85 % dos ensaios, participar nos concertos e actividades obrigatorias programadas e cumprir as normas de funcionamento e convivencia da OCUSC.

O recoñecemento estará condicionado ao cumprimento efectivo destes requisitos durante o curso académico.

15. INICIO DA ACTIVIDADE

Os ensaios das agrupacións da OCUSC darán comezo o martes 6 de outubro de 2026.

As persoas seleccionadas recibirán previamente por correo electrónico a información necesaria para a súa incorporación, así como as indicacións relativas ao calendario, horarios, repertorio, materiais e canles de comunicación.

No caso das agrupacións do Campus de Lugo, os horarios e espazos concretos de ensaio serán comunicados antes do inicio da actividade.

16. INFORMACIÓN E CONTACTO

Orquestra e Coro da Universidade de Santiago de Compostela (OCUSC)

Área de Cultura – Universidade de Santiago de Compostela

Correo electrónico: orquestra.universidade@usc.gal

Prazo de inscrición: 25 de setembro de 2026, ás 23:59 h.

Formulario de inscrición: [INSCRIPCIÓN ORQUESTRA E CORO DA USC 2026-2027 – Completar o formulario](#)

CALL FOR ADMISSION TO THE ORCHESTRA AND CHOIR OF THE UNIVERSITY OF SANTIAGO DE COMPOSTELA (OCUSC)

2026–27 academic year · English version

1. INTRODUCTION

The Orchestra and Choir of the University of Santiago de Compostela (OCUSC) is an educational and musical project of the USC Culture Area, offering the university community and society at large a space for training, collective musical practice and performance.

During the 2026–27 academic year, OCUSC will operate on the Santiago de Compostela and Lugo campuses through four ensembles:

- USC Orchestra – Santiago Campus
- USC Choir – Santiago Campus
- USC Orchestra – Lugo Campus
- USC Choir – Lugo Campus

Each ensemble will have its own organisation, rehearsals and places, while also taking part in joint programmes, meetings and activities designed to strengthen cohesion and a shared OCUSC identity.

This call establishes the admission procedure for the 2026–27 academic year, both for filling available places and for creating the corresponding waiting lists.

2. WHO CAN APPLY?

Applicants must be at least 16 years old and fall into one of the following categories:

- Members of the USC university community (students, teaching and research staff, or technical, management, administrative and services staff).
- Music students.
- People from outside the university community who are interested in collective musical practice and meet the requirements set out in this call.

For the Orchestra, applicants must have sufficient instrumental knowledge to participate in an orchestral ensemble.

For the Choir, applications are open to people interested in choral singing from different musical backgrounds and training pathways, including members of other vocal ensembles, music students, singers from different styles, voice professionals and amateur singers with the necessary aptitude.

Admission as an active member is subject to completing the relevant audition process, meeting the minimum requirements for collective musical practice, and the availability of places in the requested ensemble.

3. PLACES AVAILABLE

3.1. Santiago Campus – Orchestra

Instrument	Active places	Reserve / waiting list
Violin	15	—
Viola	6	—
Cello	5	—
Double bass	3	—
Flute	—	2
Oboe	1	2
Clarinet	—	2
Bassoon	2	2
Horn	1	2*
Trumpet	2	2
Trombone	2	2
Bass trombone	1	—
Tuba	1	—
Percussion	—	2
Piano	1	—
Harp	1	—

*The two reserve horn places are intended primarily for third and fourth horn positions.

3.2. Santiago Campus – Choir

Voice part	Places
Soprano	8
Alto	6

Tenor	4
Baritone/Bass	5

3.3. Lugo Campus – Orchestra

Instrument	Places
Violin	20
Viola	6
Cello	5
Double bass	3
Flute	2
Oboe	2
Clarinet	2
Bassoon	2
Horn	2
Trumpet	2
Trombone	2
Bass trombone	1
Tuba	1
Percussion	2
Piano	1
Harp	1

3.4. Lugo Campus – Choir

Voice part	Places
Soprano	10
Alto	10
Tenor	8
Baritone/Bass	8

The final number and distribution of places may be adjusted according to the artistic and organisational needs of the ensembles and the programmes planned for the academic year.

4. APPLICATION

Applicants must complete the official USC application form within the established deadline.

Application deadline: 25 September 2026 at 23:59.

Applicants must indicate the ensemble and campus for which they are applying.

Submitting an application implies acceptance of the conditions set out in this call and, if selected, a commitment to regular participation in the ensemble's activities.

Application form: [USC ORCHESTRA AND CHOIR 2026–2027 – Complete the form](#)

5. ORCHESTRA SELECTION PROCESS

5.1. Online audition

Instrumentalists applying to the orchestras on the Santiago and Lugo campuses will normally be assessed through an online audition.

Applicants must submit two video recordings featuring two freely chosen works or movements that allow their technical and musical level to be assessed appropriately.

The videos must be recorded without cuts. For melodic instruments, piano accompaniment is not required.

Recordings may be shared via OneDrive, YouTube, WeTransfer or a similar service by sending the corresponding link to orquestra.universidade@usc.gal.

The email must clearly state the applicant's full name, instrument and requested campus.

5.2. Submission deadline

The deadline for submitting recordings is 25 September 2026 at 23:59. Applicants must have completed the official application form beforehand.

5.3. Percussion

Percussion applicants will audition using a selection of orchestral excerpts or instrumental passages provided by OCUSC.

Percussion audition scores: [Access the scores](#)

6. CHOIR SELECTION PROCESS

Selection for the choirs on the Santiago and Lugo campuses will take place through an in-person audition.

Date and venue: Tuesday, 29 September 2026, at 18:30, Faculty of Communication Sciences, Santiago de Compostela Campus.

The audition is for applicants registered for either the Santiago or Lugo Campus.

Each applicant will perform a short vocal piece of their choice and take part in a brief intonation and vocal assessment exercise carried out during the audition.

The performance may be a cappella or use accompaniment resources provided by the applicant.

The purpose of the audition is to learn about each applicant's musical and vocal abilities and vocal range, in order to assess their incorporation and the most suitable voice part.

7. PURPOSE AND ASSESSMENT CRITERIA OF THE AUDITIONS

OCUSC has a strong educational, training-oriented and inclusive character. Accordingly, the main purpose of the auditions is to understand each applicant's characteristics, experience and musical level, so as to support their appropriate integration into the ensembles and to organise the artistic and educational work throughout the academic year.

The auditions are not conceived solely as a mechanism for excluding applicants on the basis of technical level. However, participation in an orchestral or choral ensemble requires minimum musical skills that allow collective work to be carried out effectively. Where the number of applicants exceeds the available places for a particular instrument or voice part, the audition assessment will also be used to determine selection and the corresponding waiting list.

For the Orchestra, the following aspects will be considered globally and in a manner adapted to each instrument:

- Technical and musical level.
- Intonation, rhythm and sound quality.
- Command of the basic technical resources of the instrument.
- Ability to integrate into ensemble work.
- Suitability for the instrumental and artistic needs of the planned programmes.

For string instruments, aspects such as intonation, position changes and command of the main bowing techniques will be observed. For wind instruments, particular attention will be paid to intonation, basic articulations and appropriate command of the instrument's range.

For the Choir, the following will be considered:

- Intonation and musical ear.
- Rhythmic ability.
- Vocal characteristics and quality.
- Vocal range and suitability for the different voice parts.
- Response to the exercises proposed during the audition.
- Balance and needs of the choral ensemble.

Assessment will consider the audition as a whole and the needs of each ensemble, seeking, whenever musically and organisationally feasible, to promote participation, training and a diversity of profiles and levels within the project.

8. SELECTION RESULTS

Once the auditions have been completed, the selection committee will assess the applications and, as appropriate, identify applicants admitted as active members, applicants placed on a waiting list, and applicants not selected.

Results will be communicated through the official OCUSC and/or University of Santiago de Compostela channels. Admitted applicants will subsequently receive the information required to join their respective ensembles.

9. WAITING LISTS AND ONGOING CALL

Applicants who meet the requirements of the selection process but do not obtain a place may be included on the relevant waiting list according to their audition assessment.

Waiting lists will remain active throughout the academic year and may be used to cover withdrawals by active members, vacancies arising during the year, or instrumental or vocal needs associated with specific programmes.

Occasional participation in a particular programme does not necessarily confer active-member status within OCUSC.

After the ordinary call has been completed, any places that remain vacant may remain open through an ongoing call until they are filled or for as long as artistic or organisational needs exist.

10. ENSEMBLE OPERATION

Santiago Campus – Orchestra

The USC Orchestra – Santiago Campus will normally rehearse on teaching Tuesdays from 21:30 to 23:30 at the Faculty of Communication Sciences.

Santiago Campus – Choir

The USC Choir – Santiago Campus will normally rehearse on Tuesdays and Thursdays from 19:45 to 21:15 at the Faculty of Communication Sciences.

Lugo Campus

The regular rehearsal days, times and venues for the Orchestra and Choir on the Lugo Campus will be announced before activities begin.

All ensembles may schedule additional rehearsals, sectional rehearsals, intensive meetings, concerts and other activities according to the needs of each programme.

No regular rehearsals will be held during the official examination periods established in the USC academic calendar.

11. JOINT PROGRAMMES AND ACTIVITIES

The ensembles on the Santiago and Lugo campuses will develop their own activities throughout the academic year while also taking part in joint projects and activities.

Programming may include Autumn, Winter, Spring and Summer programmes, as well as concerts, intensive meetings, chamber music activities and other projects promoted by OCUSC.

Joint meetings between ensembles from both campuses may be organised, as well as a Summer Meeting in which selected participants may form a single combined ensemble.

The specific programme and calendar will be communicated sufficiently in advance.

12. PARTICIPATION AND ATTENDANCE COMMITMENT

Joining OCUSC entails a commitment to active and continuous participation.

- Attend punctually the rehearsals and activities for which members are called.
- Prepare the assigned repertoire individually.
- Take part in the relevant concerts and meetings.
- Notify the organisation sufficiently in advance of any circumstance preventing attendance.
- Comply with OCUSC operating and coexistence rules.

Attendance at concerts and public activities for which a member is called forms part of the commitment undertaken with the ensemble.

As a general rule, attendance at a minimum of 85% of rehearsals is required in order to meet OCUSC participation requirements.

13. LENGTH OF MEMBERSHIP

Active membership of OCUSC is limited to a maximum of three academic years per campus.

Once this period has been reached, the place must be offered again through the ordinary call.

Members who have completed three academic years and wish to continue may apply again, but they will not have automatic continuity. They may rejoin after the ordinary selection process has been completed if places remain available for their instrument or voice part.

Participation on one campus is independent of participation on the other for the purposes of membership duration and selection.

14. ECTS CREDIT RECOGNITION

University of Santiago de Compostela students who participate as active members may apply for recognition of 4 ECTS credits for each academic year, up to a maximum of three years of participation, subject to the applicable conditions.

To obtain the credits, students must attend at least 85% of rehearsals, participate in scheduled compulsory concerts and activities, and comply with OCUSC operating and coexistence rules.

Recognition is subject to effective fulfilment of these requirements throughout the academic year.

15. START OF ACTIVITIES

OCUSC ensemble rehearsals will begin on Tuesday, 6 October 2026.

Selected participants will receive the necessary joining information by email beforehand, including details of the calendar, schedules, repertoire, materials and communication channels.

For the Lugo Campus ensembles, the specific rehearsal times and venues will be communicated before activities begin.

16. INFORMATION AND CONTACT

Orchestra and Choir of the University of Santiago de Compostela (OCUSC)
Culture Area – University of Santiago de Compostela

Email: orquestra.universidade@usc.gal

Application deadline: 25 September 2026 at 23:59.

Application form: [USC ORCHESTRA AND CHOIR 2026–2027 – Complete the form](#)